



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO

PRIMEIRA.- OBXECTO.- E obxecto da presente convocatoria a selección dun/unha auxiliar de axuda a domicilio para prestar servicios no concello de Riotorto.

SEGUNDA.- CONTRATO.- Ca persoa seleccionada formalizarase un contrato laboral dun ano de duración.. O traballo prestarase a xornada completa, de luns a venres.

TERCEIRA.- REQUISITOS.-

- 1.-Estar en posesión do título, diploma ou certificado de AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO.
- 2.- Ser español ou nacional dun dos Estados da Unión Europea ou nacional de calquera dos Estados ós que lles sexa aplicable o dereito á libre circulación de traballo.
- 3.- Ser maior de 18 anos.
- 4.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida o normal desempeño do posto de traballo.
- 5.- Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública mediante expediente disciplinario ou sentenza firme.
- 6.- Non haber sido despedido por este Concello.

CUARTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN.- As instancias presentaranse no rexistro xeral deste Concello no prazo de dez días hábiles a contar dende a publicación do anuncio no taboleiro deste Concello en no periódico El Progreso.

Adxuntarase a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada do título, diploma ou certificado de auxiliar de axuda a domicilio.
- Declaración xurada de cumprir os requisitos dos números 4 e 5 da base terceira.
- Fotocopia compulsada dos documentos que acrediten méritos, segundo o sinalado na base quinta.



CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

Finalizado o prazo de presentación de instancias, publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello a lista provisional de admitidos, fronte á que os interesados poderán formular reclamación no prazo de tres días hábiles, transcorridos os cales aprobarase e publicarase a lista definitiva de admitidos, resolvéndose na mesma as reclamacións presentadas.

QUINTA.- SELECCIÓN.- O procedemento de selección será o de CONCURSO:

-Por cada mes de traballo prestado na Administración Pública como auxiliar de axuda a domicilio: 0,25 puntos, ata un máximo de 1,5 puntos.

-Por cada mes de traballo prestado en empresa privada como auxiliar de axuda a domicilio: 0,25 puntos ata un máximo de 1,5 puntos.

-Pola realización de cursos, seminarios ou xornadas relacionados cas funcións propias do posto a ocupar, 0,25 puntos por cada curso, seminario ou xornadas, ata un máximo de 2 puntos. Non se valorarán os cursos nos que non apareza o número de horas nin aqueles que sexan inferiores a 15 horas.

En caso de empate farase un cuestionario de 10 preguntas tipo test, con tres respostas alternativas das que só unha será correcta. Este exercicio será calificado de 0 a 10 puntos.

En caso de empate decidirse en función dunha entrevista persoal.

SEXTA.- TRIBUNAL CALIFICADOR.- O tribunal calificador estará integrado polas seguintes persoas:

-Presidente: Noelia Seco López, traballadora social do Concello de Riotorto.

-Vocais: Ramón Comendeiro López e Clemente Iglesias González, funcionarios do Concello de Riotorto

-Secretario: Manuel Fernández Fernández, Secretario do Concello de Riotorto

O Tribunal queda autorizado para resolver cantas cuestións e dúbidas se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orden da selección.